



Pura:

Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

[Si quieres que o carro cante
mételle] o eixo no río,
despois do eixo mollado
canta como un asubío.

San Benitiño
do ollo redondo
hei de ir alá miña nai
se non morro.

Hei de levar
unha bota de viño
e un molete de pan
pro camiño.

Unha veciña:

Fomos eu e mailo meu home
fomos xuntos ao San Andrés.
O santo fixo milagros
fomos dous e viñemos tres.

(...)

IV 572

Hai unha festa en Vilar
era nun cuberto vello,
toca o Picholo de Piso
que é o fillo do Martelo.

Un veciño:

IV 410

En Vilar a Chispa Neghra
en Arcos a Veneranda.
Dando a volta por Portela,
dando a volta por Portela
Margharita de Triana.

Varias veciñas:

E bailan o tango
e maila muiñeira
as de alá de arriba
non hai quen as queira.

Pura:



Museo
do Pobo
Galego

Un veciño:



instituto de
estudos das
identidades

- Ai, éche así a vida.

VI 1913

Margarita de Triana
foi poñe -la permanente,
e foina poñer a Vigho
pa que non se entere a xente.

VI 373

Pensa meu pai que me ten -he
estudiando en Salamanca.
E tenme polos muños / muíños ,
e tenme polos muños / muíños
aparexando unha nora.